

VII XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

4 de XUÑO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 7ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 4 de xuño de 2022**, en xornada de mañá na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas con ficha pola F.G.A ó longo da tempada actual (2022) e que pertencen ás categorías **sub-16 ata máster**.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Art. 3.

HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO XAVELINA	11:00	300 mv
2000m obstáculos	11:10	LANZAMENTO XAVELINA
	11:20	2000m obstáculos
600m	11:30	600m
	11:35	
800m	11:40	800m
	11:45	
1500m	11:55	1500m
TRIPLE SALTO	12:05	
	12:10	TRIPLE SALTO
100 ml	12:20	100 ml
	12:35	
400 ml	12:50	400 ml
	13:00	
SALTO ALTURA	13:15	100 mv (0.76-0.84)
100 mv (0.91)	13:30	SALTO ALTURA
110 mv (0.91-1.99-1.06)	13:40	
	13:55	4*100m
4*100m	14:00	

Art. 4. Participación:

- **Terán preferencia os atletas pertencentes á provincia de Lugo.**
- En caso que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas, e entre os atletas sen marca realizarase un sorteo.
- Cada atleta só poderá participar co peso dun artefacto, ou o da súa categoría ou o absoluto. Os artefactos homologaranse ata 70' antes da celebración da proba.
- As táboas de triple situaranse a 8-10-13m.

PROBA	PARTICIPANTES	TENTATIVAS OU CADENCIA
TRIPLE SALTO	8+8	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros/as
LANZAMENTO XAVELINA	8+8	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros/as
SALTO ALTURA	6+6	1.20-1.30-1.35-40-45-48-51.....

Art. 5. Nas probas de carreiras indicase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 6. Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso.

Art. 7. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito non participa finalmente na proba a sanción será de 5€ e non poderá participar na seguinte competición organizada nesta Delegación.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 13:59h conlevan a tramitación da correspondente sanción segundo a normativa xeral da FGA (3€) agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

Art. 8. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 9. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 23 de maio de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

